



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

**Expte: 2022/G007/000022**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas, trinta e cinco minutos do día sete de xullo de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os concelleiros da Xunta de Goberno Local: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández. Non acude excusando a asistencia, don Alejandro Antonio García Sousa; para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes atendendo á Orde do Día:

### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 23.06.22 (ORDINARIA).**

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (votación ordinaria dos membros asistentes á sesión, e aprobada por unanimidade).

#### **2º.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA, RELATIVA AO EXPEDIENTE DE OBRAS 57/2020.-**

##### PROPOSTA ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“Vista a solicitude formulada por [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED] en data 6 de maio do 2022 con número de rexistro 2022000001262 referida a devolución da garantía definitiva asociada ao Expediente de Obras 57/2020, foi emitida Providencia de Alcaldía en data 27 de xuño do 2022 aos efectos de incoar expediente para a devolución, no seu caso, da fianza depositada polo promotor Ángel Luís Durán Eiroa con D.N.I. núm. 33.016.181-A por importe de CATRO MIL DEZASETE EUROS CON NOVENTA E TRES EUROS (4.017,93 €) así como a emisión dos oportunos informes pola Tesourería municipal e o Departamento de Urbanismo do Concello de Valdoviño.

En data 5 de xullo do 2022 foi emitido Informe da Tesourería municipal determinando que (...) comprobada a oportuna documentación, consta depositada ante a Tesourería municipal do Concello de Valdoviño unha fianza en metálico por importe de CATRO MIL DEZASETE EUROS CON NOVENTA E TRES EUROS (4.017,93 €) o 21 de xullo do 2020 a nome do interesado Ángel Luís Durán Eiroa con D.N.I. núm. 33.016.181-A, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de xullo do 2020.

Consta no expediente 2022/X002/000006 Informe da Oficina Técnica de Obras e Urbanismo do Concello de Valdoviño emitido en data 5 de xullo do 2022 facendo constar que xirada visita de comprobación (...) as obras para as cales se solicitou licenza municipal de obras e depositado aval para a realización das mesmas, foron executadas de acordo as condicións establecidas na licenza. Por elo, o técnico informante, no seu estrito ámbito competencial, estima procedente a devolución do aval que se solicita.

Visto canto antecede e conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

## PROPONSE

Devolver a fianza en metálico do Expediente de Obra 57/2020 por importe de CATRO MIL DEZASETE EUROS CON NOVENTA E TRES EUROS (4.017,93 €) ordeada o 21 de xullo do 2020 por Ángel Luís Durán Eiroa con D.N.I. núm. 33.016.181-A.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe”.

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a compoñen) quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local.**

## FÓRA DA ORDE DO DIA

Por via de urxenza o sr. Alcalde presenta o punto que de seguido se di, aos efectos de dar resolución aos expedientes administrativos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes ratifica a urxenza e inclúese este asunto Fóra da Orde do Día da sesión:

### **- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

#### ***- Licenza de 1ª ocupación de vivenda***

- Expte 10/2020.- [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 193/2006, licenza concedida en X.G.L. de data 9 de xullo de 2010.

Visto o informe do arquitecto municipal de 6 de xullo de 2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Conceder ao peticionario [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en Lugar [REDACTED] parroquia de Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

**Segundo.-** Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 53,72 euros.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 6 de xullo de 2022.

O alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a compoñen) quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local.**

PARTE ACTIVIDADE

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e cincuenta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*